

# XABIER | DÍAZ

## Rumba de castrelo (Vimianzo)

Este pandeiro que toca  
non é meu que é de María,  
que o prestou esta noite  
cando fun á romaría.

Eu non canto que *estoi* ronca,  
eu non canto que *estoi* ronca  
porque durmín no muíño  
esta noite e maila outra.

Eu a máis ti, compañeira,  
eu a máis ti, camarada,  
eu a máis ti, compañeira,  
facemos a foliada.

Por que non cantades todas,  
por que non cantades todas?  
Unhas porque teñen garbo,  
outras porque son señoras.

Agora ás cuadras modernas  
hailles que pór *tocadisco*  
para que veñan a *beilar*  
as mulleres dos ministros.

